



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 8 DE OUTUBRO DE 2015
LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS

Alcalde-Presidente

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN

Concelleiro

D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO

Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA

Concelleira

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA

Concelleira

D. MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA

Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA

Concelleira

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR

Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE

Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS

Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

D. ROMÁN SUÁREZ PORTO

Concelleiro

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

D. LUIS RENDO ARAUJO

Concelleiro

D. MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA

Concelleiro

D. EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. SILVIA NEIRA IGLESIAS

Concelleira

GRUPO MÓVETE

DNA. MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS

Concelleira

GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS

Concelleiro do BNG

SECRETARIA

DNA. LUCÍA ARTIME ALONSO

FALTAN Á SESIÓN

D. ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS

Concelleiro do PP

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día oito de outubro de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José López campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para as vinte horas trinta minutos, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria do Concello, D^a Lucía Artime Alonso

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión polo Sr. Alcalde, e antes de iniciar o debate, o Sr. Alcalde-Presidente da a benvida a todos os asistentes á sesión plenaria e de seguido dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 3 DE SETEMBRO DE 2015.

2º.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS RELATIVA AO APOIO AOS TRABALLADORES DO SERVIZO PÚBLICO DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE DE DATA 01-10-2015.

3º.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS RELATIVA AO APOIO AO SECTOR

LÁCTEO GALEGO; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE DE DATA 01-10-2015.

4°.- PROPOSTA DO SR. ALCALDE RELATIVA Á INCOACIÓN DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO CONTRADICTORIO DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DO SERVIZO DE MATADOIRO MUNICIPAL; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE DE DATA 01-10-2015.

5°.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA AO APOIO ÁS PERSOAS REFUXIADAS E MIGRANTES EN EUROPA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, EDUCACIÓN E IGUALDADE DE DATA 01-10-2015.

6°.- PROPOSTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA E DEPORTES DE DATA 24-09-2015 RELATIVA Á REALIZACIÓN DUNHA CAMPAÑA DE INFORMACIÓN E PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES E XOGOS TRADICIONAIS GALEGOS CO GALLO DA CREACIÓN PARA O VINDEIRO ANO DUNHA ESCOLA DEPORTIVA MUNICIPAL DE LOITAS OLÍMPICAS E LOITA TRADICIONAL GALEGA OU DOUTRA ACTIVIDADE DEPORTIVA TRADICIONAL.

7°.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DE ESTACIONAMENTO DE HORARIO LIMITADO; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DE DATA 27-09-2015.

8°.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO ARTIGO N° 1 DA ORDENANZA REGULADORA DE ESTACIONAMENTO DE HORARIO LIMITADO; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DE DATA 02-10-2015.

9°.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MÓVETE RELATIVA Á SINATURA DO CONVENIO DE ADHESIÓN Á AXENCIA GALEGA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO DE 24-09-2015.

10°.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DO 21-09-2015, POLO QUE SE DETERMINAN OS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2016.

11°.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DURANTE O MES DE AGOSTO DE 2015.

12°.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DURANTE O MES DE SETEMBRO DE 2015.

13°.- ROGOS E PREGUNTAS

1°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 3 DE SETEMBRO DE 2015. Apróbbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 3 de setembro de 2015, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2°.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS RELATIVA AO APOIO AOS TRABALLADORES DO SERVIZO PÚBLICO DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE DE DATA 01-10-2015.

O Concelleiro popular, D. Juan Constenla Carbón, da lectura á moción, e pon de manifesto que a mesma foi ditaminada favorablemente por unanimidade.

Intervén de seguido D^a Belén Louzao, Voceira socialista, dicindo que é un acordo reiterado, este servizo fai unha tarefa encomiable, importantísima en Galiza, por ter gran masa forestal. Queren ver recoñecida a súa labor, os seus dereitos e o seu traballo; alégrase moito deste acordo unánime e propón que se inste con forza á Xunta para o seu pronunciamento.

Continua D^a Mar Blanco, Voceira do grupo MÓVETE, dicindo que hai que apoiar un servizo 100% público e apoiar aos seus traballadores. Fai súas as reclamacións dos traballadores fronte á actuación da Xunta e celebran que os traballadores buscaran o apoio desta Corporación e esperan que así o fagan o resto dos veciños cando o necesiten.

Pide a palabra D. Xosé Magariños, voceiro do BNG, máis non pode intervir por problemas vogais. Faise un receso de dous minutos. Trascorrido o mesmo intervén dicindo que simplemente quere amosar o seu apoio aos traballadores e que se alegran moito de que as catro forzas deste Pleno estean de acordo nesta cuestión de xeito moi fácil.

Non habendo máis intervención procedese á votación desta moción, aprobándose a mesma por unanimidade, adoptando o seguinte **ACORDO**:

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente, acadado en sesión do 01-10-2015, relativa á moción conxunta dos grupos municipais para o apoio aos traballadores do servizo público de defensa contra incendios forestais.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Instar á Consellería de Medio Rural e do Mar á reactivación do Servizo Público de Defensa Contra Incendios Forestais como un servizo público, único e profesionalizado de prevención e extinción de incendios forestais, ase como garante da protección do medio natural da nosa Comunidade Autónoma.

Segundo.- Instar á Xunta a creación de Oferta Pública de Emprego para a cobertura das prazas do Servizo Público de Defensa Contra Incendios Forestais.

Terceiro.- Garantir a estabilidade laboral dos traballadores do Servizo.

Cuarto.- Instar a Xunta a recoñecer a categoría de Bombeiro Forestal para aqueles traballadores que desenvolvan a súa actividade profesional no eido da defensa do medio natural.

3º.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS RELATIVA AO APOIO AO SECTOR LÁCTEO GALEGO; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE DE DATA 01-10-2015. O Concelleiro popular, D. Juan Constenla Carbón, da lectura á moción, e pon de manifesto que a mesma foi ditaminada favorablemente por unanimidade. Fai constar que esta Corporación prestou todo o seu apoio ás reivindicacións e, por senón fora suficiente, presentan esta moción conxunta.

Intervén de seguido D^a Belén Louzao, Voceira socialista, dicindo que, unha vez máis, estamos neste Pleno tratando o tema do sector lácteo, moi importante tanto para o noso concello, como para a nosa Comarca. Di que o acordo lles alegra pero que hai que ir máis alá, hai que buscar solucións: un plan estratéxico con previsión orzamentaria. Di que os nosos gandeiros son os que menos gañan neste proceso aínda que son os que máis producen (60% do leite). Tamén hai que contar cun plan industrial. Esixen ás administracións implicadas que tomen solucións. Remata dicindo que o seu voto é a favor do campo, a favor do sector gandeiro.

Continua D^a Mar Blanco, Voceira do grupo MÓVETE, dicindo que o sector lácteo é un pilar fundamental e as políticas de apoio do PP e do PSOE desfondaron o sector. Alégrase que estas forzas, a nivel local, cheguen a este acordo de defensa do sector e espera que cunda o exemplo e as administracións verdadeiramente implicadas tomen nota e apoiem ao sector gandeiro, que tanto o necesita.

D. Xosé Magariños, voceiro do BNG, expón que o sector lácteo vive unha grave crise, e que este sector é prioritario neste Concello e no noso país. O esforzo dos gandeiros provocou algunhas medidas, timoratas e insuficientes, como a desaparición dos contratos-lixo, por exemplo, e o incremento de trtes a cinco céntimos no prezo no lineal do litro do leite; pero a Xunta de Galiza evadiu responsabilidades baseándose na competencia da Unión Europea, pero non pode ignorar que nesta materia ten competencia exclusiva, e tendo en conta que o sector lacteo galego representa o 40% da produción do Estado, non podemos consentir que este asunto se resolucione en Madrid sen escoitar ás voces dos gandeiros, verdadeiros protagonistas deste problema. Un dos graves problemas é que o procedemento de transformación está en máns foráneas e o goberno galego debe promover os proxectos propios de transformación de leite e promover o leite fresco como un proxecto de cercanía e de calidade. Di que o goberno central aprobou unhas medidas desigualitarias e discriminatorias para os gandeiros galegos, respecto, por exemplo, dos gandeiros andaluces; non se pode consentir esta auténtica discriminación dos nosos gandeiros. A solución non está no consumo interno do leite, non se pode buscar unha solución a curto prazo, ten que vir dunha verdadeira modificación das relacións contractuais, da determinación de indicadores de fixación dun prezo que remunere os gastos de

producción e a implantación de mecanismos de control e sanción no caso de incumplimento. Hai que loitar por favorecer aos nosos gandeiros, principais produtores e principais discriminados coas medidas impostas. Espera que este acordo municipal garanta o cobramento dun prezo xusto aos gandeiros para poder soste este sector e o doten dunha estabilidade de futuro.

Pecha a ronda de intervención o Sr. Alcalde destacando a importancia que para este Concello ten o sector lácteo e alegrándose de que cando as circunstancias o merecen este plenario é capaz de chegar a acordos unánimes e estar a altura das circunstancias.

Non habendo máis intervención procedese á votación desta moción, aprobándose a mesma por unanimidade, adoptando o seguinte **ACORDO**:

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente, acadado en sesión do 01-10-2015, relativa á moción conxunta dos grupos municipais para o apoio ao sector lácteo galego.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Instar á Consellería de Medio Rural e do Mar, en coordinación co Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, á elaboración urxente dun plan estratéxico claro para o sector lácteo galego e a súa calendarización, contando con todos os axentes implicados no sector, que conte cunha partida orzamentaria axeitada, enfocado a abaratar custos de produción e un acceso eficaz para o incremento da base territorial das explotacións, ase coma un plan industrial que aposte por proxectos galegos con base nos produtores, asociación de produtores ou cooperativas que conte cun tecido industrial na transformación do leite e derivados lácteos que xeren un maior valor engadido que o leite líquido.

Segundo.- Instar ao Goberno do Estado ao establecemento dun modelo de contrato homologado que garanta unha retribución dos gastos de produción a través dos índices da Organización Interprofesional Láctea para o establecemento dun prezo digno, ase coma a elaboración de normativa que garanta o cumprimento cos gandeiros incrementando a vixilancia e sancións dos contratos lixos.

Terceiro.- Instar ao Goberno ao control, inspección e sanción de prácticas comerciais irregulares que con frecuencia se fai co leite ou produtos lácteos nos lineais das cadeas de distribución.

Cuarto.- Solicitar á Consellería do Medio Rural e do Mar a adhesión, coa súa partida económica necesaria, do Concello de A Estrada á campaña promocional do leite de calidade diferenciada producida nas explotacións galegas "Galega 100%", promovendo accións en conxunto cos colectivos sociais e empresariais, para levar a cabo accións de promoción de "Galega 100%" entre os consumidores en xeral, poñendo especial énfase na posta en valor do consumo de leite fresco e de produtos lácteos elaborados en Galicia como garantes de procedencia e de calidade.

4º.- PROPOSTA DO SR. ALCALDE RELATIVA Á INCOACIÓN DO PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO CONTRADICTORIO DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DO SERVIZO DE MATADOIRO MUNICIPAL; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE DE DATA 01-10-2015. O Concelleiro popular, D. Juan Constenla Carbón da lectura á proposta de incoación deste procedemento de rescisión debido á entrada en concurso de acredores da empresa COCARGA, adxudicataria da concesión.

Intervén de seguido D^a Belén Louzao, Voceira do PSdeG-PSOE, dicindo que estamos a falar dun tema de calado, xa que é un servizo público esencial. O apoio dos socialistas ao inicio deste procedemento, pois é a postura responsable, pero hai que facelo xa!!! hai que solucionar este problema canto antes e pódese simultanear este procedemento coa nova concesión.

Este problema arrástrase dende o mes de xullo, hai que avanzar neste procedemento, a xestión deste asunto adoce de falta de eficacia, esixe que hai

que sacalo adiante coa maior axilidade, para o que a disposición do PSOE para solucionar este asunto é máxima.

Continua D^a Mar Blanco, Voceira do grupo MÓVETE, dicindo que van votar a favor da incoación deste procedemento, pero quere destacar a falta de capacidade do goberno municipal para xestionar este asunto, que xa comezou a principios deste verán, que eles mesmos denunciaron en xullo o estado no que se atopaba a depuradora e aínda segue igual cos restos dos animais en estado de putrefacción. Entende que debido a esta tardanza a inversión para restablecer o servizo vai ter que ser maior, e o que o grupo MOVETE pretende é contribuir a solucionar este grave problema.

D. Xosé Magariños, voceiro do BNG, expón que apoia esta solución xa que é un servizo fundamental para o sector primario. Espera que se resolva canto antes, aínda que entende que o "canto antes" do goberno non vai coa premura que debera, polo que ofrécese a participar na elaboración dos pregos para unha nova concesión.

Non habendo máis intervención procedese á votación desta moción, aprobándose a mesma por unanimidade, adoptando o seguinte **ACORDO**:

Visto o Auto "Incidente Concursal Común 146/2012" (con procedemento de orixe: Concurso ordinario 146/2012) ditado con data 18-09-2015 polo Xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra, polo que a empresa COCARGA, S.L é declarada en concurso de acredores.

Visto que dita empresa e adxudicataria do Servizo do Matadoiro Municipal deste Concello.

Vista a precedente Providencia da Alcaldía de 02-09-2015.

Visto o informe emitido pola Secretaría Xeral con data 16-09-2015.

Vista a proposta da Alcaldía de data 23-09-2015, pola que se propón a incoación do procedemento para a resolución do contrato de concesión do servizo de Matadoiro municipal, coa correspondente incautación da garantía e o resarcimento de danos e perdas, se os houberse e non fose suficiente a garantía, o que constitúe causa de resolución do contrato conforme ao artigo 223.b) do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (aprobado por RDL 2/2011, de 14 de novembro).

Visto o Ditame adoptado pola Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente, en sesión do 01-10-2015.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Incoar o procedemento para acordar, se procede, a resolución do contrato de concesión do servizo de Matadoiro Municipal, o que suporía a correspondente incautación da garantía e o resarcimento de dano e perdas, se os houberse e non fose suficiente a citada garantía.

Segundo.- Solicitar aos Servizos Técnicos a emisión de informe no que se reflecta a relación de danos e prdas causados pola resolución do contrato por incumprimento do contratista.

Terceiro.- Dar audiencia ao contratista, COCARGA (con enderezo na estrada Camposancos nº 184 - Vigo) por un prazo de 10 días naturais dende a notificación desta resolución, e ao avalista ou asegurador polo mesmo prazo, aos efectos de que presenten as alegacións e documentos que consideren convintes.

Cuarto.- Solicitar nforme dos Servizos Municipais sobre as alegacións presentadas, de ser o caso.

5º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA AO APOIO ÁS PERSOAS REFUXIADAS E MIGRANTES EN EUROPA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, EDUCACIÓN E IGUALDADE DE DATA 01-10-2015. Xosé Magariños, voceiro do BNG, di que é necesario que o Concello sexa solidario cos refuxiados sirios. Explica que estamos ante a maior crise humanitaria despois da Segunda Guerra Mundial, e Europa non sabe dar solución a esta crise. Por tanto, hai que instar ao Estado e á Unión Europea para apoiar a aquelas persoas que queren

fuxir da morte e da guerra, e darlle unha vida digna.

Intervén a Concelleira popular D^a. Amalia Goldar dicindo que apoia esta moción e a vai votar a favor, pois esta crise está por encima de partidos políticos e ideoloxías, hai que protexer ao débil e ao que sofre, e todos debemos axudar no que poidamos, hai que protexer aos que sofren coas guerras. Tamén mostran o noso compromiso como Concello de colaborar na situación daquelas persoas que veñan ao Concello da Estrada para poder axudarlles a conseguir unha vivenda digna. Pensa que é unha obriga de carácter moral e social apoiar esta moción.

Intervén de seguido D^a Belén Louzao, Voceira do PSdeG-PSOE, dicindo que é unha moción de consenso; é necesario o apoio ás persoas refuxiadas en Europa que fuxen dunha guerra, respectando os dereitos humanos e poñer todos os medios ao noso alcance para axudar a estas persoas que por unha situación de guerra tiveron que deixar atrás os seus fogares. Hai que intentar que a súa situación sexa o máis axeitada posible e que non xurdan atitudes xenófobas. Pide que non se tomen decisións precipitadas nin improvisadas, pero hai que poñer todos os medios que se teñan enriba da mesa para que a situación destas persoas sexa o máis axeitada posible. Por todo iso, o noso apoiopor diante á moción e a acollida dos refuxiados da crise siria.

Continua D^a Mar Blanco, Voceira do grupo MÓVETE, dicindo que van votar a favor, xa que hai que facer presión para deter os bombardeos contra a poboación civil, pois foron países occidentais coma Francia; gran Bretaña e Estados Unidos os que iniciaron estes bombardeos dos que agora fuxen. Europa é responsable desta situación e debe actuar en consecuencia.

Non habendo máis intervención procedese á votación desta moción, aprobándose a mesma por unanimidade, adoptando o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción presentada polo grupo municipal do BNG con data 22-09-2015 (RE n^o 12145), relativa ao apoio ás persoas refuxiadas e migrantes en Europa.

Visto o Ditame adoptado pola Comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade, en sesión do 01-10-2015.

ACORDAMOS:

Primeiro.- A adhesión do Concello da Estrada ao acordo da Mesa do Congreso dos Deputados do 29 de setembro de 2015 sobre emenda á Proposición non de Lei do Grupo Parlamentario Socialista en relación coa crise humanitaria de persoas refuxiadas.

Segundo.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado para que asuma as súas responsabilidades con urxencia na crise humanitaria que están vivindo as persoas refuxiadas e migrantes en Europa e na contorna do Mediterráneo, e que promova, no marco das institucións europeas, un xiro nas políticas de asilo e de cooperación cos países empobrecidos, e tamén demandar que rompa co coñecido como Protocolo de Dublín.

Terceiro.- Así mesmo, instar á Xunta de Galiza a que asuma as súas responsabilidades e participe facilitando os recursos e servizos necesarios para a acollida temporal de persoas refuxiadas en Galiza.

Cuarto.- Iniciar contactos coa FEGAMP e organizacións non gobernamentais que están traballando sobre esta problemática en Galiza para impulsar a creación dunha rede de concellos de acollida, que permita recoller a iniciativa cidadá e darlle apoio e organización e ofrecer soporte técnico.

Quinto.- Impulsar no seo do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade o establecemento de liñas de traballo e axudas en colaboración cos concellos para facilitar o acollemento de persoas refuxiadas.

Sesto.- Xestionar a mobilización e disposición de créditos orzamentarios para axudar ás persoas refuxiadas ou migrantes asentadas no noso Concello.

Sétimo.- Trasladar este acordo ao presidente do goberno do Estado e da Xunta de Galiza.

6°.- PROPOSTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA E DEPORTES DE DATA 24-09-2015 RELATIVA Á REALIZACIÓN DUNHA CAMPAÑA DE INFORMACIÓN E PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES E XOGOS TRADICIONAIS GALEGOS CO GALLO DA CREACIÓN PARA O VINDEIRO ANO DUNHA ESCOLA DEPORTIVA MUNICIPAL DE LOITAS OLÍMPICAS E LOITA TRADICIONAL GALEGA OU DOUTRA ACTIVIDADE DEPORTIVA TRADICIONAL.

D^a Mar Blanco, Voceira do grupo MÓVETE, explica a súa moción dicindo que a loita galega forma parte do nosos patrimonio galego, polo que valoran positivamente o apoio municipal para a creación dunha Escola Deportiva Municipal.

Resposta o Sr. Constenla, Concelleiro popular, que sempre se mantivo aberta a Escola ata que non houbo asistentes a esta actividade, polo que será necesaria a promoción destas actividades polo Concello, para que, no caso de ter as suficientes solicitudes, volva a escola de loita galega.

D^a Belen Louzao amósase a favor do fomento de actividades deportivas e vida saudable. Sempre terá o apoio do PSOE para o fomento dos valores deportivos e a vida sá. Gustaríalle remarcar as campañas nos colexios e demostracións, pero como é unha actividade sensible, pide que se garanta que os monitores sexan profesionais e conten coa homologación necesaria para a súa impartición.

D. Xosé Magariños, voceiro do BNG, expón que estamos ante unha decisión que ao mesmo tempo afecta a cultura e deporte, co fomento da loita e os xogos tradicionais: di que os rapaces fan o que ven, polo que por desgracia como só ven fútbol e un pouco de baloncesto, é o que temos. Así que entende que se fomente este tipo de xogos e deportes abrindo as posibilidades aos rapaces. Di que deberían predicar co exemplo e facer eles un maior uso das instalacións e facer por exemplo un campionato de chave.

Remata o Sr. Alcalde dicindo que na actualidade na Estrada hai doce escolas deportivas e están abertos a calquera proposta sempre que exista un número mínimo de participantes. Lembra que a loita galega estivo presente neste Concello e caeu por falla de asistencia. Remata dicindo que recolle o guante do Sr. Magariños para eses torneo de chave.

Non habendo máis intervención procedese á votación desta moción, aprobándose a mesma por unanimidade, adoptando o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción presentada con data 15-09-2015 (RE 11774) polo grupo municipal de MÓVETE.

Visto o Ditame adoptado pola Comisión Informativa de Cultura e Deportes en sesión do 24-09-2015.

ACORDAMOS:

Primeiro.- A realización dunha campaña de información e promoción de actividades e xogos tradicionais galegos, entre eles a Loitas Olímpicas e Loita Tradicional Galega, co gallo de achegar aos veciños/as da Estrada o interese na conservación do deporte tradicional da nosa terra.

Segundo.- Á vista da análise final dos resultados derivados da nomeada campaña de información e promoción e da demanda que se produza polos veciños/as, a creación para o vindeiro ano 2016 dunha Escola Deportiva Municipal de "Loitas Olímpicas e Loita Tradicional Galega" ou doutra actividade deportiva tradicional, sempre e cando se acade un mínimo de inscricións que faga sostible o funcionamento das ditas Escolas.

7°.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DE ESTACIONAMENTO DE HORARIO LIMITADO; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DE DATA 27-09-2015. Alberto Carracedo, voceirto popular, lé a proposta onde se explica a modificación desta Ordenanza.

D^a Belén Louzao di que hai dous puntos na Orde do Día referido á modificación desta Ordenanza e as dúas afectan ao artigo 1, polo que podería reducirse a un punto.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que é verdade e que podemos reducir o debate

e votación dos puntos 7 e 8 ao mesmo.

Continua D^o Belén Louzao dicindo que a Policía advirte nun informe das poucas posibilidades de cumprir esta Ordenanza por falla de persoal, polo que vanse abster nesta votación.

D^a Mar Blanco, Voceira do grupo MÓVETE, explica que a zona azul é unha boa ferramenta, resulta útil para facilitar as compras na Estrada e consideran boa a ampliación ás rúas colindantes, pero non ven a necesidade nunha vila como A Estrada da existencia de zona verde. Considera que era mellor deixar zonas libres sen pintar onde se poda aparcar libremente, polo que estando dacordo coa zona azul, pero en contra da zona verde, vaise abster.

D. Xosé Magariños tamén vaise abster nesta votación pois considera que este regulación é un parche e hai que ir máis alá no problema de aparcamento que ten esta vila. Di que pódese gañar zonas de aparcamento se regulamos o tráfico dun xeito lóxico e coherente, pero que esta modificación é un parche para a zona central da vila que non arranxa o problema.

Non habendo máis intervencións procedese á votación deste asunto, adoptándose, polos votos a favor do PP, e as abstencións do PsdeG-PSOE, BNG e MÓVETE, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta de modificación da Ordenanza Reguladora do Estacionamento de Horario Limitado, asinada con data 27-07-2015 polo Concelleiro de Promoción Económica.

Vista a entrada en vigor da nomeada Ordenanza.

Visto que despois de consultar a distintos axentes sociais deste Concello, así como escoitadas difeentes suxestións da cidadanía, se fai preciso ampliar as zonas destinadas a estacionamento de horario limitado, concretamente nas rúas Waldo Álvarez Insua e Padrón.

Visto o informe emitido polo Xefe da Policía Local o 16-04-2015, no que indica que *"observando que na zona verde (residentes) algúns vehículos permanecen estacionados no mesmo sitio máis de sete días, esta xefatura considera que se debe tomar un acordo no cal se recolla como infracción o feito de non mover o vehículo durante un período determinado"*.

Vista a fiscalización previa da Intervención municipal, asinada con data 27-08-2015.

Visto o Ditame adoptado pola Comisión Informativa de Promoción Económica, en sesión do 17-09-2015.

ACORDAMOS:

Modificar a Ordenanza Reguladora do Estacionamento de Horario Limitado nos seguintes termos:

1º.- Incluir no ámbito de aplicación da Zona Azul as rúas Padrón e Waldo Álvarez Insua, coa delimitación que se indica no plano que se xunta. Así mesmo, incluír a rúa Padrón na relación de rúas que permite aos seus residentes aparcar nos espazos reservados como Zona Verde.

2º.- Modificar a redacción do artigo 5.3, pasando a ter a seguinte:

"Artigo 5.3.- Horario de datas de estacionamento das Zonas Verde e Azul.

O horario de limitación comprenderá de 9:00 a 20:30 horas (os sábados ata as 14:00). Agás os domingos, festivos e a tarde dos sábados, que non haberá limitación. Na Zona Verde os vehículos non poderán permanecer estacionados sin ser movidos máis de sete días consecutivos."

3º.- Modificar a redacción do artigo 9.1, engadindo o apartado i), coa seguinte redacción:

"Estacionar un vehículo na Zona Verde, sen ser movido, máis de sete días consecutivos".

4º.- Modificar a redacción do artigo 10, engadindo a seguinte infracción e multa:

"Infracción leve. Artigo 9.i). Feito denunciado: Estacionar en Zona Verde, sen mover o vehículo, máis de sete días consecutivos. Multa: 80,00 €."

8º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO ARTIGO N° 1 DA ORDENANZA REGULADORA DE ESTACIONAMENTO DE HORARIO LIMITADO; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DE DATA 02-10-2015.

Non habendo intervencións procedese á votación deste asunto, adoptándose, polos votos a favor do PP e as abstencións do PSdeG-PSOE, BNG e MÓVETE, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta de 25-09-2015 de modificación da Ordenanza reguladora do Estacionamento en Horario Limitado.

Vista a Ordenanza Reguladora do Estacionamento en Horario Limitado aprobada por Acordo plenario de 31-05-2013, e posterior modificación aprobada polo Pleno do 07-08-2014, entrando en vigor a nova Ordenanza, con modificacións incluídas, o 16-10-2014 (data da publicación no BOP).

Visto que, despois de consultar a distintos axentes sociais deste Concello así como oídas diferentes suxestións da cidadanía, se fai preciso reorganizar as zonas destinadas a estacionamento de horario limitado, concretamente na rúa San Antón.

Visto o informe emitido con data 22-09-2015 polo Xefe da Policía Local.

Visto o Ditame adoptado pola Comisión Informativa de Promoción Económica, en sesión do 02-10-2015

ACORDAMOS:

Modificar parte da redacción do artigo 1 da Ordenanza reguladora do Estacionamento de Horario Limitado, quedando redactado do seguinte xeito:

"ARTIGO 1.- Ámbito de aplicación.

O ámbito de aplicación da Ordenanza estenderase a aquelas vías ou tramos das mesmas que se relacionan de seguido, denominado Zona Azul, durante o seu horario de funcionamento:

- Rúa Justo Martínez
- Rúa Castelao (delimitado no plano adxunto)
- Tramo Rúa Iryda (delimitado no plano adxunto)
- Rúa Manuel García Barros
- Rúa San Antón (delimitado no plano adxunto)

Dentro desta zona crearanse prazas de aparcamento exclusivas para residentes, denominada Zona Verde.

O ámbito de aplicación da zona de residentes, denominado Zona Verde, fíxase nas:

- Rúa San Antón (delimitado no plano adxunto)
- Tramo Rúa Iryda (delimitado no plano adxunto)
- Rúa Manuel García Barros (delimitado no plano adxunto)

Os residentes deberán acreditar a súa condición mediante un adhesivo que será expedido polo Concello, previa acreditación de residencia.

Nos espazos reservados a residentes poderán aparcarse unicamente as persoas que acrediten a súa residencia en:

- Rúa San Antón
- Rúa Calvo Sotelo
- Rúa Iryda
- Rúa Castelao
- Rúa Justo Martínez
- Rúa Manuel García Barros.
- Rúa Waldo Álvarez Insua
- Praza de Martínez Anido (Praza do Mercado)
- Rúa Irmáns Valladares
- Rúa Peregrina

O propietario ou condutor de todo vehículo estacionado nas zonas para residentes colocará o adhesivo acreditativo nun lugar visible dentro do vehículo.

Delimitaranse as prazas de estacionamento correspondentes na zona azul e na zona verde.”

9º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MÓVETE RELATIVA Á SINATURA DO CONVENIO DE ADHESIÓN Á AXENCIA GALEGA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO DE 24-09-2015.

Dª Mar Blanco procede a dar lectura da súa moción onde pon de manifesto que sería interesante que o Concello da Estrada se adherira ao Convenio coa Axencia de Protección da Legalidade Urbanística para perseguir aquelas actuacións ilegais que se produzan neste Concello en materia urbanística.

Intervén D. Alberto Blanco, voceiro popular, dicindo que todos están de acordo coas funcións de Urbanismo. Expresa que este Concello en 2011, neste área, estaba totalmente abandonado e a data de hoxe está funcionando legalmente e coa imparcialidade dos seus funcionarios. Di que no rural, o Concello ten competencias compartidas coa APLU, como xa puxo de manifesto o Secretario da Comisión Informativa no seno da mesma, e no solo urbán e de núcleo é indelegable.

Dª Belén Louzao di que non poñen en dúbida a legalidade do proceder dos funcionarios; di que non lle parece procedente ceder competencias propias do Concello a outras administracións cando hai persoal capacitado neste Concello para velar polo cumprimento das normas, polo que non procede dar traballo a terceiros tendo xente cualificada da casa.

D. Xosé Magariños entende que o Concello da Estrada ten competencia suficiente para facer cumprir a Lei e conta co persoal suficiente na casa, polo que non fai falla contratar máis persoal, nin que fora isto Madrid.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que as competencias da APLU non só se ciñen a este ámbito, tamén teñen competencia en solo urbán, por especial protección; e ditas competencias ás veces son propias e outras compartidas. É certo que antes do PXOM había certa indefinición, pero co PXOM non parece necesario. Cando chegaron ao goberno había 300 expedientes de disciplina urbanística sen pechar, e é certo que a máis medios que houbera, maior axilidade, pero non lle parece necesario adherirse á APLU.

Resposta Dª Mar Blanco dicindo que a súa moción non é unha crítica aos traballadores, nin supón cesión de competencias, senón unha ferramenta máis en materia urbanística, ademais así poderían denunciar os veciños directamente as actuacións que consideren ilegais. Sorpréndelle que os partidos da oposición respalden o facer do goberno municipal en materia de urbanismo, cando é máis que evidente que non se están a facer ben as cousas. Entende o voto en contra do PP para que ninguén meta a nariz nos seus asuntos, pero a postura de PSOE e BNG non a entende.

Dª Belén Louzao di que non lle parece necesario malmeter nin terxiversar o dito para defender unha moción.

D. Xosé Magariños di que non foron nin o PSOE nin o BNG os que aprobaron a suba do salario do Concelleiro de Urbanismo, mentres que a voceira de MOVETE si o fixo e validou co voto a favor o traballo deste Concelleiro. Remata dicindo

que tampouco é verdade que os veciños non poidan presentar denuncias senón está adherido á APLU (véas por exemplo, as beirarrúas de Ouzande).

D. Alberto Blanco conclúe dicindo que a carga de traballo do Concello é grande, pero a da APLU aínda máis, pois leva toda a Comunidade Autónoma, e non cree que se aceleraría a resolución de expedientes nin moito menos.

Non habendo máis intervencións procedese á votación deste asunto, rexeitándose polos votos a favor de MÓVETE e en contra do PP, PSdeG-PSOE e BNG.

10º.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DO 21-09-2015, POLO QUE SE DETERMINAN OS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2016.

Dáse conta do Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 21 de setembro de 2015, polo que se determina coo festas locais do Concello da Estrada para o ano 2016 os días 9 de febreiro (Martes de Entroido) e 27 de xuño (Festas Patronais de San Paio).

O Concello Pleno queda sabedora, ordenando das traslado deste asunto á Xefatura Territorial do Servizo de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar.

11º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DURANTE O MES DE AGOSTO DE 2015.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 3 e o 31 de agosto de 2015 (ambos os dous incluídos), que comprenden dende a nº 848/2015 á nº925/2015.

O Concello en Pleno queda sabedor.

12º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DURANTE O MES DE SETEMBRO DE 2015.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e o 30 de setembro de 2015 (ambos os dous incluídos), que comprenden dende a nº 926/2015 á nº 1073/2015.

O Concello en Pleno queda sabedor.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Antes de pasar ao punto de Rogos e Preguntas, o Sr. Alcalde-Presidente pregunta aos membros asistentes a esta sesión plenaria se teñen algunha moción de urxente para levar fóra da Orde do Día.

A.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2014; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE 27-08-2015.-

En primeiro lugar se debate a urxencia deste punto, xustificando o Concelleiro D. Alberto Blanco a necesidade da súa introdución, pois remata o prazo para a súa presentación, e o Pleno trasladouse de data para poder aprobar a Conta, pero debido á falla de coordinación non se incluíu na Orde do Día, polo que procede a súa introdución por urxencia.

Dª Belén Louzao, Voceira do PsdeG-PSOE, di que se sente sorprendida e non entende por qué non se leva de maneira ordinaria. Di que dous días antes non estaba a conta para vela.

D. Xosé Magariños di que non apoia a urxencia, pois non se fixeron ben os deberes por parte do goberno municipal.

Dª Mar Blanco, Voceira do grupo MÓVETE, explica que aínda que comparte que non se fixeron os deberes, entende que pesa máis a responsabilidade como Concelleira, pois de todos é sabido que se non se rinden as contas, se pecha o grifo das subvencións, que a crítica ao equipo de goberno.

Sometida a votación a urxencia deste asunto, este é aprobada por maioría, co voto a favor do PP e do grupo MÓVETE e o voto en contra do PSDG-PSOE e BNG.

D^a Belén Louzao, Voceira do PsdG-PSOE, di que a conta vai fora de prazo, que veu a este Pleno pola porta de atrás, que reduce as inversións, que hai máis reparos que nunca, que o grao de execución do orzamento baixa ata o 76%, aumenta a carga financeira e non poden apoiaresta conta pois cambian partidas, non cumpre coas suas obrigas e o equipo de goberno é negligente.

D^a Mar Blanco, Voceira do grupo MÓVETE, explica que non pode decir moito do ano 2014, xa que ela non formaba parte do goberno local, pero quere deixar constancia do seu desacordo coas contas municipais pola mala xestión feita polo equipo de goberno.

Segun D. Xosé Magariños a xestión dos populares foi nefasta, hai un aumento de gasto corrente nun 3.53%, desequilibrio entre ingresos e gastos, redución de inversións, aparecen remanentes en vías urbanas, mantemento de depuradoras... Hai unha incapacidade manifesta do goberno para xestionar o Concello: reparos, facturas pendentes, fora do prazo para pago a provedores, volume ingresos de dubidoso cobro, elevada caixa de pagamentos a xustificar....

D. Alberto Carracedo di que o Concello ten a obriga de rendir as contas non de discutir a Conta Xeral. Di que votar en contra é votar en contra de rendir a Conta o que é obrigatorio para todos os Concellos. Di que a oposición e o goberno parece que ven contas distintas, xa que o Concello da Estrada cumpre coa estabilidade orzamentaria, regra de gasto, ten maior liquidez, incremento de patrimonio, balance de situación... Di que teñen conceptos distintos do que é a xestión. remata dicindo que a evolución dos capítulos 1 e 2 é sorpresiva en relación co ano 2008.

D^a Belen Louzao resposta dicindo que apoian que se rinda, pero tamén que se faga en prazo, tempo e forma.

D. Alberto Carracedo di que se rinde en prazo, pois debe facerse antes do 31 de outubro.

Non habendo máis intervencións procedese á votación deste asunto, adoptándose, polos votos a favor do PP (co voto de calidade da Presidencia) e en contra do PsdeG-PSOE, BNG e MÓVETE, o seguinte **ACORDO**:

Visto o expediente da Conta Xeral do Orzamento de 2014.

Visto que a Conta Xeral estivo exposta ao público polo prazo de 15 días e 8 máis, segundo anuncio inserto no Taboleiro de Editos deste Cncello e no Boletín Oficial da Provincia n° 171 de 04-09-2015.

Visto o informe da funcionaria encargada do Rexistro Xeral de Entrada, emitido o 02-10-2015, no que se di que durante a exposición pública da Conta Xeral non se presentaron reclamacións, reparos ou observacións en relación á dita Conta.

Vista a certificación emitida pola Secretaría Xeral con data 02-10-2015, en relación ao informe sinalado no parágrafo anterior.

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de 02-10-2015, relativa á aprobación da Conta Xeral do Orzamento 2014.

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, adoptado en sesión do 27-08-2015.

E, de conformidade co disposto nos artigos 208 a 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004,

ACORDAMOS:

Aprobar a Conta Xeral do Orzamento correspondente ao exercicio 2014.

B.- MOCIÓN DE GRUPO MUNICIPAL MÓVETE RELATIVA AO APOIO Á MOBILIZACIÓN CONVOCADA POLAS MARCHAS DA DIGNIDADE PREVISTA PARA O VINDEIRO 24 DE OUTUBRO, SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, EDUCACIÓN E IGUALDADE DE DATA 01-10-2015.- Sometida a votación a urxencia deste asunto, esta é aprobada por unanimidade.

D^a Mar Blanco, Voceira do grupo MÓVETE, pasa a dar lectura da súa moción.

De Seguido Intervén D^a Amalia Goldar, concelleira popular, dicindo que non

van apoiar esta moción por entender que é imprecisa, vaga, xenérica... di que se o que se pretende é fomentar o dereito de manifestación, recordalle que o mesmo xa está recoñecido como un dos dereitos fundamentais na Constitución. Parécelle unha cuestión máis política que social, non queren entrar en temas que sexan obxecto de politización, polo que o grupo popular non a vai apoiar. Esta Corporación apoiou asuntos que estiveran por enriba de intereses partidistas e políticos, respectouse sempre o dereito de manifestación e expresión, nestas butacas azuis sempre estiveron presentes distintos colectivos: retornados, emigrantes, preferentistas.... é no Pleno onde temos que axudar á xente, despois cada un é libre para asistir ás manifestacións que considere oportuno.

D^a Belén Louzao, Voceira do PsdG-PSOE, di que non podemos apropiarnos dun movemento social, pois non somos quen; si somos quen para defender os dereitos dos veciños e veciñas, si somos quen para denunciar os recortes laborais, si somos quen para denunciar que se intente impoñer unha lei mordaza, si somos quen para loitar contra os recorten en Educación e Sanidade, si somos quen para poñer medidas que rematen con este crise económica que afecta aos máis débiles; claro que somos quen pois somos os representantes dos cidadáns para traballar a prol deles, pero iso nos fai responsables do que aquí se acorda, dos nosos actos e o noso traballo e así o manifestamos na comisión: o noso voto é a favor dos veciños, pero para iso temos que poñer enriba da mesa acordos concretos que nos digan qué pedimos, qué rexeitamos, qué queremos cambiar e qué medidas adoptar. Sinala que esta Corporación, como dixo Amalia Goldar, chegou a acordos, unhas veces máis sutiles e outras máis profundos, en materias de distinta índole, onde todos temos cedido e todos nos temos movilizado por entender que os mesmos son bós para a cidadanía. Di que lles poñeron o seu voto a favor enriba da mesa se nos daban acordos que poder apoiar. Remarca que, como decía a Sra. Goldar, o dereito a manifestarse está recollido xa na Constitución, lei suprema de todos os españois, polo tanto respectamos o dereito das persoas a manifestarse, pero como Corporación, debemos concretar e e buscar mocións tranbollo real e responsable, por is a súa abstención, porque dicindo que defendemos os veciños e veciñas, o que non podemos facer é asinar un papel en branco que reivindique algo que non sabemos a quen se lle da traslado, que non sabemos que estamos pedindo... di que a marcha da dignidade está apoiada por colectivos e non somos quen para apropiarnos do mesmo, que respectar é propio de todos, e que van respectar que a moción se presente nestes termos pero que eles vansen abster xa que nesta moción non ven ningún acordo a adoptar.

D. Xosé Magariños di que deberían presentar puntos concretos para conseguir o seu apoio, pero o punto 1 e 2 é máis unha Exposición de Motivos que unha parte dispositiva. Di que o que se pide é que apoiem unha manifestación, vaga e xenéricamente; todo o mundo é libre para manifestarse, pero o BNG apoiará esta moción cando o que se adopten sexan acordos concretos.

D^a Mar Blanco di que entende que o PP non se posiciona, pois entón estaría indo en contra das políticas do seu propio partido, as políticas que o PP defende e fomenta, pero a atitude dos partidos da oposición non a comprende, parécelle unha lástima que non o apoiem, cando noutros concellos como A Coruña esta moción saíu adiante co voto a favor do PSOE e do BNG

D^a Belén Louzao pide que conste na acta literalmente o que dixo na súa primeira intervención, pois quedou ben claro o rexeito da lei mordaza, os recortes en materia laboral, por se alguén non o comprendeu ou esta Voceira non foi clara na súa exposición.

Non habendo máis intervencións procedese á votación deste asunto, rexeitándose polos votos a favor de MÓVETE, en contra do PP, e as abstencións de PSdeG-PSOE e BNG.

C.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MÓVETE PARA DEMANDAR REPRESENTACIÓN NO PADROADO DA FUNDACIÓN DE EXPOSICIÓNS E CONRESOS DA ESTRADA DOS GRUPOS POLÍTICOS PRESENTES NO PLENO.- Sometida a votación a urxencia deste asunto, esta é aprobada por unanimidade.

Vista a Moción presentada con data 07-08-2015 (RE n° 10387) polo grupo municipal MÓVETE, e que se transcribe de seguido:

"Exposición de motivos.

Coa finalidade de facer as institucións máis democráticas, participativas e representativas dunha sociedade cada máis plural, e o mesmo tempo para homoxeneizar criterio con outras entidades similares, a representación do Concello no Padroado da Fundación Exposicións e Congresos da Estrada cremos que debera ser representativa das forzas políticas presentes no Pleno Municipal en virtude da súa elección como representantes pola parte correspondente do electorado estradense.

Nos Estatutos da Fundación Exposicións e Congresos de A Estrada, Capítulo III "Membros da Fundación", artigo 6º: recolle ao Concello de A Estrada como un dos integrantes da funcións. E no artigo 10º, do Capítulo IV, especifica que o Patronato estará integrado por 15 membros en representación das entidades mentadas no artigo 6º. Na actualidade a representación do Concello de A Estrada neste organismo recae só no PP e no PSOE, tendo en conta que as forzas políticas con representación no Pleno Municipal son máis de dúas e que todos os estradenses teñen dereito a ver representados os seus intereses en dito padroado, consideramos preciso ampliar a representación do Concello na Fundación.

Coa motivación antriormente exposta, o Grupo Municipal de Móvete do Concello da Estrade presenta para a consideración e aceptación por parte do Pleno Municipal o seguinte acordo:

A adaptación do artigo 10 dos estatutos da Fundación Exposicións e Congresos da Estrada, e dos restantes artigos a que dita modificación obrigara se fora o caso, para que a representación do Concello no Padroado de dita Fundación sexa proporcional á composición ou garanta como mínimo a presenza de todas as forzas políticas que forman parte do Pleno Municipal".

A Voceira do Grupo MOVETE, despois da lectura da moción, explica que na Comisión Informativa foron todos, pero que pide aos grupos políticos o seu apoio para garantir que todos os grupos políticos presentes no Pleno teñan representación nesta Fundación.

Dª Belén Louzao dí que na Comisión chegouse a un pronunciamento conxunto onde se solicitou que se traslade á Fundación esta proposta para a ampliación do Padroado; polo tanto non entende que se diga iso por parte da Voceira pois non se fixeron atrancos senón que se apoiou esta petición dándoselle unha redacción máis axeitada, pois o Concello non ten competencia para dita modificación de Estatutos.

D. Xosé Magariños non lembra peros naquela Comisión; só se dixo que o órgano competente para modificar os Estatutos é a propia Fundación, non o Concello, e todos coincidiron con dita visión.

Remata o Sr. Alcalde proponendo que o texto que se acorde sexa o seguinte: Dar traslado á Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada para que estude a posibilidade de modificar os seus estatutos e proceder á adaptación do artigo 10 dos seus Estatutos, e dos restantes artigos a que dita modificación obrigarán, se fora o caso, para que a representación do Concello no Padroado de dita Fundación sexa proporcional á composición ou garanta como mínimo a presenza de todas as forzas políticas que forman parte do Pleno Municipal

Finalmente, debatido este punto, adóptase, por unanimidade, o seguinte
ACORDO:

Dar traslado á Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada para que estude a posibilidade de modificar os seus estatutos e proceder á adaptación do artigo 10 dos seus estatutos, e dos restantes artigos a que dita modificación obrigarán se fora o caso, para que a representación do Concello no Padroado de dita Fundación sexa proporcional á composición ou garanta como mínimo a presenza de todas as forzas políticas que forman parte do Pleno Municipal

13º.- ROGOS E PREGUNTAS

O PSdG-PSOE fai os seguintes rogos:

- Poñer un semáforo entre as Rúas Castelao e Benito Vigo
- Os contedores de lixo da Rúa Castelao están cheos, por favor, que se recollan.
- Hai residuos fecais na Fonte da Portela.
- En Codeseda hai un acceso de luz pública que non funciona onde os contedores de lixo.
- Facilitar as follas que faltan na Xunta de Goberno de 14 de setembro respecto da adxudicación do contrato de subministro de butacas do Teatro Principal.

De seguido a Voceira socialista plantexa a seguinte cuestión: Ten o Concello da Estrada relación contractual algunha coa empresa Beluso?

Resposta o Sr. Alcalde que a escasa entidade dos rogos que presenta o PSOE lle alegra pois supón que o Concello o está a facer ben ou non o está a facer tan mal. Non atopa normal que este tipo de rogos ocupen espazo nunha sesión plenaria; di que a porta do Alcalde está aberta para que os veciños poidan preguntar por estas cuestións, que non fai falta traelas a un Pleno.

Respecto da pregunta formulada resposta que ningunha. Lle consta que fixo actuacións para a empresa adxudicataria dunha obra municipal, pero iso é unha cuestión entre empresas.

D^a Belén Louzao lamenta escoitar que as preocupacións dos veciños non teñen suficiente entidade para o Sr. Alcalde. Di que eles están ahí para escoitar aos veciños e trasladarlles todas as peticións que plantexen, teñan a entidade que teñan, pois para eles son importantes. Pide respecto e dignidade para os seus veciños e pide que retire dito comentario.

Resposta o Sr. Alcalde que para el todos os intereses dos veciños son importantes, pero entende que os rogos que se fagan no Pleno deben ter certa entidade e non atender a necesidades dun veciño concreto. Recorda que a porta de Alcaldía está aberta para que cada un dos veciños poida presentar todas as súas peticións individuais.

Intervén novamente D^a Belén Louzao dicindo que os veciños xa se acercaron ao Concello coa petición, pero como o Alcalde lles fixo caso omiso, ten que traelo ao Pleno para ver se así lles fan caso.

D^a Mar Blanco da lectura aos dous rogos que presentou por escrito antes no Rexistro e un máis:

- Instar a reparación na perda na rede de saneamento nas inmediacións da discoteca Lennon.
- Facer melloras na rede de abastecemento da auga coa elaboración dun proxecto.
- Recolocar na Praza do Mercado os aparatos de ximnasia trasladados como consecuencia das obras.

Tamén fai dúas preguntas:

- vaise producir e cándo o arranxo da estrada Orazo-Castrovite?
- Está feito o informe da Policía Local sobre o paso de peóns na Rúa Decoita á altura de Benito Vigo?

O Sr. Alcalde agradécelle a presentación dos rogos por escrito para darlle unha mellor información e explicalle que o problema da rede de saneamento que desgraciadamente non se produce só na N-640, se focaliza ahí pero non está ahí a solución senón que é un problema de mal funcionamento da rede de pluviais que en moitos casos provoca que moitas edificacións estean conectados de maneira deficiente; é un problema de estrangulamento que provoca dito desbordamento. Están intentando ir por partes, empezaron pola parte máis importante, pero o que hai que separar definitivamente as dúas redes de pluviais e fecais para arranxar este problema e estan en iso.

Respecto ao segundo rogo levan os técnicos traballando neste asunto máis dun mes e por primeira vez hai un documento da situación actual da rede e os seus materiais, onde se producen as fugas e vaise intentar facer antes de rematar o ano unha primeira actuación de 110.000 euros e unha previsión dunha segunda actuación nos orzamentos de 2016.

o tema da carretera Orazo-castrovite ten dous tramos: un da Xunta e outro da Deputación; o tramo da Deputación está ben pero o da Xunta está moi

deteriorado, non é moi grande, mais ou menos un kilómetro e a parte en peor estado é de douscentos metros e xa pediron en varias ocasións á Xunta que faga dito arranxo.

Respecto ao informe da Policía aínda non tivo acceso ao seu contido, sabe que se solicitou e que se vai emitir e que de facelo se vai facer en primaveira, pois nesta época non ten sentido facer o pintado ou repintado dos pasos de peóns.

Intervén de seguido D. Xosé Magariños dicindo que os rogos neste Concello non teñen solución pois os de saneamento xa fai máis dun ano que os fixo e hai que reiteralos. Di que está claro que a solución vai ser presentalos doutra forma. Di que o mesmo pasa co que vai facer agora, que fai un ano que o fixo, que pediu que se retiraran os restos de aramio do peche perimetral do campo de fútbol de Figueroa que é un perigo. Se non o retira vaino traer á porta do Concello pois fai un ano que fixo este rogo e non se lle atendeu.

Tamén pide que se faga o arranxo dos lombos de burro que se forman moitos charcos de auga (Souto de Veá e Antón Losada).

Por último pide que se retiren os restos de tubos que quedaron en Somoza, dunha traída de auga que se fixo que están o pé do Pedroso, que non sabe se a obra se fixo polos veciños o polo Concello, pero que se retire.

De seguido fai as seguintes preguntas:

- hai unha discriminación dos veciños de Veá cun incremento de 30% no billete de transporte Metropolitano. Pregunta qué se vai facer? Resposta o Sr. Alcalde que hai desaxuste, é certo, polo número de saltos que hai. Existe un informe xa no Concello e se vai remitir ao Consorcio para o seu estudo e esperan que se consiga unha solución.
- Pregunta onde está o cruceiro de Ouzamerxe, di que leváronlo para arranxar, pero que non se sabe o seu destino. Resposta o Sr. Constenla que está custodiado na casa dun veciño.
- Pregunta se sabe por qué foi o episodio de contaminación da Fonte da praia fluvial. Resposta o Sr. alcalde que non se sabe, que hai un seguemento para aclarar a súa orixe pero aínda non se ten definido, aínda que é posible que non todos os brotes de gastro teñan relación co verquido. Di que xa se tiña arranxado o punto de rotura previamente, 10 días antes do primeiro brote de gastro, polo que non se sabe se hai conexión.

Intervén D. Oscar Rancaño dicindo que a última noticia que ten é que hai máis casos atribuídos a este foco dos que realmente tiveron lugar como consecuencia deste verquido, polo tipo de xerme que se detectou. Di que houbo un brite de gastro vírica que coincidiu con esta cuestión.

Pregunta D. Xosé Magariños se tense pensado unha obra de restitución da calidade desta auga? O Sr. Alcalde di que esta fonte ten un servizo público incuestionable, moita xente recolle auga alí, hai que ver o manantial e ver se sae nunha capa moi superficial ver as posibilidades que temos para darlle solución a esta cuestión.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e dúas horas cincuenta e dous minutos.

A Estrada, 8 de outubro de 2015
A SECRETARIA,

Asdo.: Lucía Artime Alonso